

O pasado 17 de setembro tivo lugar no IES de Ribadeo Dionisio Gamallo a Conferencia Inaugural do curso 2019-2020. Esta primeira lección tivo para nós un significado especial porque foi impartida por unha das integrantes da Primeira Promoción Feminina que no ano 1969 acadaron o título de Bacharelato Laboral Elemental. Case nada, máis tendo en conta a dificultade daquela para acceder ó ensino e sobre todo, sendo mulleres...

Para nós, foi unha honra recibilas novamente no Instituto e ademais cunha directiva de 5 mulleres recién nomeada. Tivemos a sorte de contar cos case todas elas: Leonor Alonso, Olga María Alonso, Concepción Castro, Menchu Conde, Rosa María Debén, María Victoria Dorado, María Dolores Fernández, Ramonita Fernández, Conchita Flores, Araceli Gutiérrez, María Teresa Martínez, María Luisa Mon, Begoña Mújica, Maribel Navarret, María Elia Rodríguez, Adelina Rodríguez, María Eugenia Rodríguez e María Antonia Rodríguez, Mercedes Vieites, Isabel Vázquez e Dolores Alonso Castro.

Precisamente foron as dúas últimas as elixidas para representalas. Isabel Vázquez proporcionounos algunhas fotografías para a axenda escolar e parte do material co que ambientamos o salón (labores, mapas, traballos, libros,...) e Dolores Alonso Castro falou no nome de todas elas.

Dolores Alonso Castro, natural de Rinlo, é Licenciada en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Exerceu como profesora de Bioloxía de Ensinanza Secundaria en diferentes Institutos do territorio M.E.C e de Galicia e nos últimos 20 anos, traballou como docente na Educación Permanente de Adultos de Ferrol.

Realmente, a lección impartida por Dolores foi moi fermosa, contounos unha morea de cousas interesantes de como funcionaba o ensino fai 50 anos. De feito, conquistou a atención de todos os alí presentes entre os que había algún profesor da súa época, outros que foron pasando polo centro en distintas etapas, un bó número de xente da rúa e o noso alumnado de 4º ESO e Bacharelato.

Para conmemorar este acto, decidimos facer unha axenda temática, dedicándolles a portada, a contraportada e as fotos que se inclúen no interior. Pero tamén, cando iniciamos o contacto para preparar esta lección e vendo como se emocionaban ó descubrir no despacho os escudos que levaban nas chaquetas, decidimos non só enmarcar os cinco cos que

contabamos, senón tamén encargar unhas réplicas en forma de pins daquel escudo do Instituto Laboral que hoxe é o IES de Ribadeo Dionisio Gamallo.

A todas elas lles fixemos entrega dos dous agasallos, e tanto Isabel coma Lola deron as grazas no nome de todas elas. E nós, agradecemoslles moitísimo a colaboración para este comezo de curso.

Tamén queremos agradecerlle a Roberto Rodríguez a súa axuda: el foi o promotor non só desta homenaxe senón de recuperar as leccións inaugurais, o nexo de unión coa primeira promoción feminina e todos os que o coñecemos sabemos que é unha fonte inesgotable de datos históricos polo que revisou cada pé de foto da axenda con máxima precisión. Foi precisamente Roberto quen lle propuxo a idea a Alfonso Piñeiro, o noso director dende a fusión dos centros ata o pasado xuño e nós herdámola encantadas. Así que moitas grazas tamén a Alfonso Piñeiro.

A ver se dentro de 50 anos, os nosos alumnos e alumnas volven ó instituto a un acto tan fermoso coma este que significa o retorno á casa de todos os que nos precederon e dos que hoxe estamos aquí.

Feliz curso 2019-2020!

Equipo Directivo IES Ribadeo Dionisio Gamallo